



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: BINV / 2025

Expediente: 2025000016105

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2025

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución do Presidente número 23380 do 16 de maio de 2025, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas de investigación do ano 2025.

No prazo de alegacións concedido na devandita resolución, presentáronse as seguintes alegacións :

Roya Shirzadloo

Motivo de exclusión: Desistencia da solicitude por non contestar ao requirimento en prazo

A interesada manifesta que non recibiu ningunha notificación previa por correo electrónico nin por chamada telefónica sobre o requirimento, polo que non puido coñecer a incidencia nin emendar os erros dentro do prazo establecido.

Solicítase informe ao Servizo de Sistemas e Soporte sobre o aviso enviado, indicando , en síntese o seguinte:

O aviso enviouse, con éxito, ao enderezo indicado pola solicitante o día 21 de abril de 2025 as 09:30.

A plataforma SUBTeL non pode garantir que un correo electrónico sexa recibido polo seu destinatario.

Con data 21 de abril de 2025 o servidor de correo electrónico usado pola plataforma SUBTeL funcionou sen incidencias.

Polo tanto, tendo en conta o indicado no informe do Servizo de Sistemas e Soporte, conclúese que o trámite de notificación foi correctamente realizado, e en

consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, enténdese que a solicitude foi correctamente considerada como desistida por non contestar ao requirimento en prazo.

As base reguladora 8.2 das bolsas establece que na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro xurado, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo xurado competente.

O xurado da área de enxeñería e arquitectura e o xurado da área de ciencias da saúde acordaron que a solicitude de Daniel García Barreiro presentada na área de enxeñería e arquitectura, asígnese á área de ciencias da saúde.

O xurado da área ciencias e o xurado da área de ciencias da saúde acordaron que a solicitude de Lama Berjawi presentada na área de enxeñería e arquitectura, asígnese á área de ciencias da saúde.

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar a alegacións presentadas por Roya Shirzadloo

Segundo.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de Bolsas de investigación para o ano 2025, de acordo co seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS:

(BINV-AH) Área de artes e humanidades

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
ANTELO ALVITE, XURXO	<i>O réxime franquista e as vivendas sociais para funcionarios na provincia da Coruña (1940-1970).</i>
ARES CUBA, GABRIEL	<i>Convergencias estéticas e ideolóxicas entre el teatro occidental y español entre 1898 y 1939</i>
BRUFANI, MARTINA	<i>O galego e a toponimia galega ó servizo das mulleres nun cancionero medieval</i>
CALVO GENS, LAURA	<i>Imaxes das letras: retóricas e discursos visuais da literatura galega na cultura de masas contemporánea</i>
CASTIÑEIRAS VARELA, REBECA	<i>Arte urbana na provincia da Coruña. Unha aproximación aos murais e graffiti (2008-2024)</i>
CATALAN RUBINOS, JULIO	<i>Un paseo cotidiano: procesos abiertos de investigación y creación entorno al material encontrado</i>
CEA NUÑEZ, ABRAHAM ROBERTO	<i>Ecos do 68. A influencia dos situacionistas no contexto sociocultural e artístico dos anos setenta en Galicia</i>
CIDRAS FUENTES, ALDARA	<i>Entre togas e segredos. Galegofobia e homofobia na xudicatura franquista a través dos expedientes contra</i>

	<i>Fermín Bouza-Brey</i>
DIAZ CANEIRO, MARIA EUGENIA	<i>Ferrolterra: unha bisbarra interculturalmente sensible na procura de crecemento</i>
FERRON LEA, DAVID	<i>Radiografía do cinema galego dende a súa orixe na Coruña do século XIX até a actualidade do século XXI: da súa supervivencia á súa transferencia social</i>
GIL MARTINEZ, MARIA	<i>Imaxinarios do movemento ecoloxista en Galicia: do Nunca Máis ao Altri Non</i>
GUNDIN FRAGA, NEREA	<i>Onda Terra: Exploración sonora e musical do territorio galego</i>
MACIAS TARRIO, ROSALIA	<i>Os campos de concentración franquistas na provincia da Coruña: estudo, divulgación e fomento do dereito á memoria.</i>
MAZAIIRA SUAREZ, BEATRIZ LETICIA	<i>Estudo comparativo e análise do desenvolvemento gráfico e creativo das nenas, nenos e adolescentes da provincia da Coruña e a influencia dos entornos rurais e urbanos</i>
MENA ACEVEDO, DANIEL STEVEN	<i>A propiedade urbana na Galicia noroccidental a fins da Idade Moderna (1750-1808)</i>
PEREZ MARTINEZ, NOELIA	<i>Vida e morte a finais do Antigo Réxime: análise histórico-arqueolóxica e osteolóxica do cemiterio do Hospital de San Salvador (Buitrago de Lozoya, Madrid)</i>
PIÑEIRO PEDREIRA, SANDRA	<i>Entre os fíos da memoria: reconstrucción do fondo documental de Santa María de Sobrado (A Coruña) na Idade Media.</i>
SOUTO PITA, CRISTINA	<i>As imaxes como pontes desde a Habana</i>
TEIJEIRO MOSQUERA, DANIEL LUCAS	<i>Desde A Coruña para Galicia: arte e industria do zinc a través do Depósito Coruñés da Real Compañía Asturiana de Minas (1865-1982)</i>
VAZQUEZ FERNANDEZ, MARTIN	<i>O neofalante como obxecto da política lingüística en Galicia. Achega crítico-empírica á circulación do concepto na dinamización lingüística.</i>
VILARIÑO VIAÑO, CARLA	<i>O retorno do tráxico: Coordenadas actuais da posta en escena posdramática</i>

(BINV-CC) Área de ciencias

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
DA SILVA MARTIS, DAMIAN	<i>Caracterización metaxenómica da diversidade parasitaria en Vespa velutina na Galiza mediante MPS: variación estacional e entre castes</i>
FOLGUEIRA IRAVEDRA, DIEGO	<i>Novas metodoloxías catalíticas para a síntese de compostos orgánicos bioactivos</i>

FORERO TUNJANO, ABEL MATEO	<i>Impacto da baixa salinidade en ameixas comerciais galegas: unha aproximación metabólica para a identificación de biomarcadores de estrés</i>
GONZALEZ RENDO, LARA	<i>Caracterización da actividade antitumoral dun novo inhibidor da unión entre PARP e E2F</i>
JORGE MATOS, LUCIA	<i>Novas prácticas agroecolóxicas para a redución de agroquímicos e mellora da sustentabilidade dos solos</i>
MENDEZ VAZQUEZ, ANGEL	<i>Cotas computacionais para invariantes homotópicos na robótica topolóxica</i>
MOURENTE BLANCO, ROBERTO	<i>Situación actual da flora exótica invasora da Serra da Capelada e arredores e as súas implicacións para a conservación da biodiversidade</i>
ROMERO ESTONLLO, MARC	<i>Fitotecnoloxías para a restauración de solos contaminados por minería: avaliación integrada e propostas de mellora no caso da antiga mina de Touro-O Pino (A Coruña)</i>
SAAVEDRA BOUZA, ALMUDENA	<i>Estudo taxonómico de cepas silvestres illadas de cultivos enriquecidos en palla de trigo pretratada e procura mediante minería xenómica de βxilosidasas</i>
SANZ FIGUEROA, LUCIA DEL CARMEN	<i>Síntese sustentable de análogos de BODIPY de interese en biomedicina</i>
SOTO RODRIGUEZ, PAULA	<i>Optimización e cooperación en redes de transporte: mecanismos innovadores de asignación de ingresos e aplicacións prácticas</i>

(BINV-CS) Área de ciencias da saúde

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
BERJAWI, LAMA	<i>Generation of Epithelial Ovarian Cancer Cell Line Resistant to Ferroptosis</i>
CAAMAÑO TEIXEIRA, SABELA	<i>AMPK: unha posible diana terapéutica contra o glioblastoma</i>
GALINDO MORALES, SARA	<i>Validación dun método non invasivo e temperán para o diagnóstico do cancro colorrectal baseado no microbioma</i>
GARCIA BARREIRO, DANIEL	<i>Aplicación da bioimpresión 3D e dos sistemas de liberación controlada de vesículas extracelulares ao estudo da obesidade</i>
GOMEZ CALVO, LORENA	<i>Avaliación e caracterización do potencial simbiótico de extractos procedentes de residuos agroforestais e bacterias ácido lácticas para o tratamento da mamite bovina.</i>
LADO FERNANDEZ, PATRICIA	<i>Caracterización funcional de variantes de significado incerto en cancro hereditario</i>
LENS VALES, ANXO	<i>Adaptacións Cardiometaabólicas ao Adestramento</i>

	<i>Concurrente: Impacto da Configuración do Esfuerzo en Mulleres Posmenopáusicas</i>
MIRAS VIÑA, CARLOS DANIEL	<i>Búsqueda de la variación perdida en el diagnóstico del TEA: Aplicación de la tecnología de lectura larga y evaluación de su rendimiento en la práctica clínica</i>
NUÑEZ QUINTELA, VICTOR	<i>Reprogramación parcial como estratexia para modular a obesidade</i>
PAZ CASTRO, ALBA	<i>Desenvolvemento de terapias universais encapsuladas baseadas en células TEM modificadas con CAR para o tratamento do cancro de mama e pulmó</i>
SAMPAYO ROCA, TANIA MARIA	<i>Bioimpresión 3D en medicina rexenerativa do cartilaxe articular</i>
SANDINO SOMOZA, IVAN	<i>Modelos de inmunoesferoides 3D para la evaluación de nuevas inmunoterapias antitumorales</i>
SANTAMARINA FERNANDEZ, REBECA	<i>Estudio del perfil de inmunogenicidad y eficacia de un candidato vacunal para prevenir la colonización intestinal por cepas multirresistentes de Klebsiella pneumoniae</i>
VARELA POMBO, CRISTINA	<i>Papel das células nai na endometriose e o seu tratamento mediante reposicionamento de fármacos.</i>

(BINV-EA) Área de enxeñaría e arquitectura

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
FERRO LOJO, SANTIAGO	<i>Plástico reciclado, mezclas bituminosas semicalientes, propiedades volumétricas y mecánicas.</i>
LEON ALVAREZ, ALBA	<i>Arquitectura Vexetal Recolectada. Rexeneración e Modularización do Teitado Vexetal Escocés (a' Tugadh) das Terras Altas e Illas Hébridas na Biorrexión Atlántica: un modelo para Galicia.</i>

(BINV-SX) Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero

Interesado/a	Estudos obxecto da solicitude
AMOEDO MEIJIDE, JOSE MANUEL	<i>O papel dos recursos e as habilidades dixitais dos fogares nas desigualdades educativas en Galicia</i>
CALO BLANCO, ALBA	<i>Como aproximar o alumnado á figura de Castelao no século XXI: unha situación de aprendizaxe multimodal en secundaria</i>
CEA RODRIGUEZ, NATALIA	<i>De medrar a tecer redes. Unha investigación cualitativa sobre a construción da identidade lingüística e cultural na adolescencia.</i>
DOSIL ROSENDE, ALVARO	<i>A Pedagogía Fílmica en Galicia</i>
ESPARIS PEREIRO, JULIO	<i>Políticas culturais municipais segundo a tipoloxía dos concellos. Estudo e análise socioeducativo dos modelos de</i>

	<i>acción cultural na provincia da Coruña</i>
GONZALEZ RODRIGUEZ, ANDRES	<i>Cara a unha Xestión Pesqueira Integral: integrando o capital natural nun modelo de equilibrio xeral intertemporal</i>
GUNTIN MAREQUE, LIDIA	<i>O papel da metapercepción como predictor do comportamento proambiental</i>
KENNES VEIGA, MARIA PATRICIA	<i>Optimización de estratexias de marketing mediante Intelixencia Artificial para unha industria téxtil máis sostible</i>
LOPEZ SEOANE, DIEGO	<i>Museos como dinamizadores comunitarios. Investigación-Acción Participativa no DEAC-MPG</i>
NIETO ANTELO, CLAUDIA	<i>Posta en valor e conservación do complexo dunar de Carnota</i>
NOYA JUNCAL, MARIA	<i>Xestión Integral da Cunca media-baixa do Ulla e os Ecosistemas Forestais Asociados: Un Enfoque Ecohidrolóxico e Participativo para a Sostibilidade Territorial en Galicia</i>
PAZ CERVANTES, FRANCISCO JAVIER	<i>Kidults e novas tendencias de consumo na mocidade: importancia, evolución, causas e consecuencias</i>
REFOJO OTERO, PAULA	<i>O ámbito de protección xurídica das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas trala reforma da regulación europea: especial referencia ao emprego dos produtos protexidos como ingredientes ou como compoñentes</i>

PERSOAS EXCLUÍDAS:

(BINV-CS) Área de ciencias da saúde

Interesado/a	Motivo exclusión
SHIRZADLOO, ROYA	Desistencia da solicitude por non contestar o requirimento en prazo

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.